



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MELIDE

Anuncio da aprobación definitiva da Ordenanza municipal para a protección e conservación de camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira

ANUNCIO

APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA MUNICIPAL PARA A PROTECCIÓN E CONSERVACIÓN DE CAMIÑOS E VÍAS PÚBLICAS MUNICIPAIS EN RELACIÓN COAS OPERACIÓN DE SACA DE MADEIRA

O Pleno da Corporación, na sesión do 25 de agosto de 2020, acordou aprobar inicialmente a ordenanza municipal para a protección e conservación de camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira.

Publicada a aprobación inicial no BOP da Coruña nº 142 de data 1 de setembro de 2020, somete a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de 30 días para que os interesados poidan presentar as reclamacións ou suxestións, que estimen oportunas

Examinadas as alegacións presentadas, estas foron desestimadas na sesión plenaria do 07/04/2021 e na que se aprobou definitivamente a ordenanza municipal para a protección e conservación de camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira.

O Acordo de aprobación definitiva da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, publicase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello www.concellodemelide.gal e no portal web.

Ademais, remitirase á Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma, no prazo de quince días, a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada do expediente e non entrarán en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcorrese o prazo previsto no artigo 65.2 que é o de 15 días hábiles a partir da recepción da comunicación do acordo de que dispoñen a Administración do Estado e ao Departamento correspondente da Comunidade Autónoma para formular o requirimento por infracción do ordenamento xurídico.

ANEXO I

Ordenanza municipal para a protección e conservación de camiños e vías públicas municipais en relación coas operacións de saca de madeira

PREÁMBULO

Artigo 1. Obxecto.

Artigo 2. Fundamento.

Artigo 3. Ámbito de aplicación.

Artigo 4. Rexistro de empresas madeireiras

Artigo 5. Solicitude de autorización de actividades extractivas de madeira

Artigo 6. Obrigas.

Artigo 7. Garantía.

Artigo 8. Exencións da presentación de garantías.

Artigo 9. Prohibicións.

Artigo 10. Infraccións.

Artigo 11. Responsables.

Artigo 12. Procedemento sancionador.

Artigo 13. Sancións.

Artigo 14. Órganos competentes.

Artigo 15. Prescrición das infracción e sancións

DISPOSICIÓN FINAIS

ANEXOS

PREÁMBULO

A presente ordenanza ten como finalidade velar pola debida conservación dos camiños e vías públicas municipais, en relación cos danos e desperfectos que poden sufrir estes como consecuencia das operacións de saca de madeira, comprendéndose dentro desta as operacións preparatorias da corta da madeira, almacenamento e transporte.

Resulta tamén prioritario o interese en protexer ás persoas, vivendas e outras edificacións nos supostos de incendios forestais; e para iso é esencial que as vías de acceso ás zonas forestais se atopen sempre en perfecto estado.

O uso dos camiños e vías públicas municipais en condicións óptimas é un dereito de toda a comunidade de persoas usuarias, e esixe dunha intervención administrativa que regule as condicións nas que se deben de realizar as operacións de saca de madeira nos montes e parcelas do Concello, tanto públicos como privados.

Conscientes da importancia do sector forestal, mais tamén da incidencia que esta actividade pode ter na conservación e mantemento das infraestruturas viarias de titularidade municipal, esta ordenanza pretende facer compatible a actividade de aproveitamento forestal coa preservación do medio natural, a protección paisaxística, a conservación dos camiños e a seguridade viaria.

A ordenanza axústase aos principios da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e para dar cumprimento ao principio de transparencia, será obxecto de consulta pública previa nos termos previstos na normativa aplicable sobre a consulta pública previa no procedemento de Elaboración das Ordenanzas e Regulamentos.

Artigo 1.-Obxecto.

A presente ordenanza ten por obxecto a protección e conservación dos camiños e vías públicas municipais fronte os danos e desperfectos que poden sufrir estes como consecuencia das sacas de madeira que se produzan dentro do termo municipal de Melide.

Quedan excluídos da presente ordenanza as pistas forestais tal como son definidas polo artigo 98.1 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, isto é, todos aqueles camiños de tránsito rodado de titularidade pública ou privadas, fóra da rede de estradas, vinculado á xestión forestal e situado en solo rústico de protección forestal, así como servidumes de paso a fincas de titularidade privada.

Artigo 2.-Fundamento.

A regulamentación por medio da presente ordenanza das operacións de saca de madeira fundaméntase no uso das competencias que lle atribúen ao Concello os artigos 25.2.d) e 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 6, 80.2.d) e 286 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia; e os artigos 74 e seguintes do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das corporacións locais.

Artigo 3.-Ámbito de aplicación.

1. Para os efectos desta ordenanza, enténdese por operacións de saca de madeira a totalidade das que se desenvolvan para a obtención de madeira de tala, tanto as previas á corta de madeira (desprazamento de vehículos e/ou maquinaria, preparación dos terreos, accesos ás fincas) como as posteriores (preparación, depósito, carga e transporte).

2. Quedan excluídas do ámbito de aplicación desta ordenanza:

- As talas puntuais de exemplares de árbores illadas.
- Todo tipo de podas en plantacións forestais.
- O clareo de rebrotes de cepa de menos de tres anos.
- Os traballos de roza e limpeza de predios.

- As talas que teñan por finalidade os aproveitamentos para uso doméstico, a eliminación dunha situación de perigo para persoas ou bens, ou as que se produzan como consecuencia da enfermidade da especie.

Artigo 4.–Rexistro de empresas madeireiras.

As persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades madeireiras no Concello de Melide deberán inscribirse nun Rexistro establecido para controlar o desenvolvemento destas actividades, no que se fará constar a denominación da empresa, NIF, enderezo, teléfono, correo electrónico e persoa/s de contacto. Recóllese o modelo de solicitude de inscrición no Anexo I, achegando a seguinte documentación:

- Copia do NIF ou CIF.
- Copia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar do madeireiro que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta, saca, depósito e transporte de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o dito seguro está vixente no momento de realizarse as ditas operacións. No suposto de que o madeireiro non sexa beneficiario de ningún seguro destas características, deberá facelo constar así expresamente na solicitude de inscrición, e presentar garantía mediante fianza en metálico ou aval bancario na forma e contía establecida no artigo 7.º, cada vez que realice unha actividade madeireira.
- Listaxe dos vehículos e maquinaria a empregar nas operacións para desenvolver, detallando o marca, modelo, matrícula, PMA e TARA de cada un.

Artigo 5.–Solicitude de autorización de actividades extractivas de madeira.

1. As persoas físicas ou xurídicas que realicen actividades madeireiras no Concello de Melide, unha vez feita a inscrición no rexistro establecido, para garantir a conservación dos camiños e vías públicas municipais con motivo da execución de operacións de saca de madeira dentro do termo municipal de Melide será obrigatorio presentar, con 15 días hábiles de antelación á data prevista para o inicio da súa execución, unha solicitude de autorización, conforme ao modelo contemplado no Anexo II desta ordenanza, e sen prexuízo da obtención dos permisos e/ou autorizacións sectoriais que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios para cortar montes ou terreos forestais.

2. A solicitude deberá estar asinada polo/a madeireiro/a, en el deberán constar os seguintes datos:

- a) Datos de identificación do madeireiro e do propietario forestal:
 - a. Persoa física: nome, apelidos, NIF, enderezo e teléfono.
 - b. Persoa xurídica: razón social, CIF, enderezo, teléfono, nome, apelidos e NIF do representante da empresa.
- b) Datas previstas de inicio e remate dos traballos de saca de madeira.
- c) Nome da persoa titular ou titulares das parcelas afectadas polo aproveitamento.
- d) Identificación da/s finca/s ou monte/s afectado/s, lugar/es e parroquia onde se sitúa.
- e) Lugar ou lugares previstos para depósito da madeira á espera da súa carga.
- f) Camiños e vías a empregar nas operacións de saca e transporte de madeira.
- g) Declaración responsable do/a madeireiro/a de compromiso a repoñer os danos e retirada de restos de biomasa e outro tipo de lixo.

3. Xunto coa solicitude, deberase achegar a seguinte documentación:

- a) No seu caso, fotocopia da solicitude de autorización para aproveitamento madeireiro, ou da notificación, ante o organismo que corresponda, de conformidade co disposto na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.
- b) Cando sexa o caso, copia das autorizacións sectoriais precisas (organismo de conca, patrimonio cultural, estradas, etc.).
- c) Plano indicativo dos camiños e vías para empregar nas operacións de saca de madeira e das zonas elixidas para depósito da madeira.

4. Unha vez presentada solicitude, se xurdisen aproveitamentos concatenados de fincas non incluídas ao inicio, estas poderán irse incorporando á solicitude inicial, achegando a documentación esixida no artigo 3, dos montes e/ou parcelas afectados, sempre e cando se empreguen as mesmas vías de saca e os mesmos lugares de provisión inicialmente relacionados.

5. O/a madeireiro/a na súa solicitude entenderá que as vías públicas para empregar están en perfecto estado, agás que achegue unha reportaxe fotográfica do estado anterior das vías para utilizar que será comprobada polos servizos municipais. Posteriormente, tras a súa utilización achegará, así mesmo, unha reportaxe fotográfica do estado de discrepancias da anterior.

6. No caso de que se incumpra a obriga de solicitude de autorización establecida neste artigo, o Concello poderá suspender os actos de saca de madeira que se estean realizando, e proceder de conformidade co establecido nos apartados 2.º e 3.º do seguinte artigo.

7. Unha vez presentada no rexistro xeral do Concello a solicitude de autorización xunto coa documentación sinalada nos apartados 2.º e 3.º deste artigo, Concello notificaralle a autorización favorable ou non favorable para executar os traballos de aproveitamento madeireiro comunicados.

8. O Concello, excepcionalmente, poderá denegar ou limitar o acceso e/ou o depósito por calquera das vías ou zonas indicadas na solicitude de autorización, de forma motivada, tendo en conta o seu estado, a resistencia do seu firme, a súa localización, a súa utilización na data solicitada para outros fins, ou calquera outra causa xustificada.

Artigo 6.-Obrigas.

1. Son obrigas do/a madeireiro/a encargado/a de realizar as operacións de saca da madeira as seguintes:

- Presentar a solicitude de autorización nos termos indicados no artigo anterior.
- Sinalizar os viais situados nas zonas de extracción e depósito da madeira, conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.
- Limpar, retirar ou eliminar os residuos procedentes da corta da madeira e das operacións de carga e almacenamento, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo esas operacións. Esta obriga deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo.
- Limpar as superficies dos montes e terreos forestais de xeito que non queden restos ou materiais que poidan constituír risco de incendio.
- Repor ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ás fincas ou montes.
- Deberá sinalizar debidamente os depósitos cun selo cos datos da empresa que está realizando os traballos de aproveitamento madeireiro para que o Concello poida identificar en cada momento á empresa responsable e comprobar se presentou a solicitude de autorización.
- Responder dos danos e desperfectos ocasionados nos lugares da tala, viais de acceso, instalacións e demais infraestruturas, como consecuencia da realización das actividades de saca de madeira.
- Constituír, de ser o caso, a garantía a favor do Concello, conforme ao establecido no artigo 7.

2. En caso de que o madeireiro incumpra algunha das obrigas contidas no apartado anterior, o Concello requirirao para o seu cumprimento, outorgándolle o prazo que se considere oportuno en cada caso, sen que poida exceder dun mes. Cando o madeireiro non puidera ser identificado, serán responsables do cumprimento desas obrigas os propietarios dos montes e/ou parcelas de que se trate.

3. O disposto no apartado anterior deste artigo, enténdese sen prexuízo da imposición das sancións que correspondan polos incumprimentos desta ordenanza, conforme ao establecido nos artigos 8 a 12 desta.

Artigo 7.-Garantía.

1. No suposto de que non sexa titular ou beneficiario/a de ningún seguro de responsabilidade civil ou similar, que garanta a reparación dos danos ou prexuízos que poda ocasionar con motivo das operacións de corta e saca de madeira, o/a madeireiro/a deberá constituír fianza en metálico ou aval bancario a prol do Concello na contía fixada que se recolle no seguinte recadro:

Concepto	Garantía
Por tonelada de madeira extraída	1 €/tn
Camiños e pistas, enténdéndose como tales o viario con pavimento de terra, balastro ou similar	1 €/m.l.
Estradas, enténdéndose como tales o viario pavimentado con tratamento asfáltico e/ou formigón.	2 €/m.l.

No caso de que a mesma empresa madeireira vaia realizar aproveitamentos concatenados de fincas non incluídas na comunicación previa, deberá presentar a garantía correspondente as toneladas correspondentes.

2. As empresas madeireiras deberán depositar na Tesouraría municipal a garantía a hora de presentar a solicitude de autorización e en todo caso con anterioridade ao comezo dos traballos, a favor do Concello, en calquera das formas establecidas na Lei de Contratos do Sector Público.

3. No caso de que se incumpra a obriga a que se refire o apartado anterior, o Concello poderá suspender os actos de saca de madeira que se estean realizando, e proceder de conformidade co establecido nos apartados 2.º e 3.º do artigo 6 desta ordenanza.

4. Unha vez rematados os traballos de saca de madeira, esta garantía será devolta a petición do/a madeireiro/a segundo o Anexo III.

5. No prazo de 30 días, o Concello devolverá a garantía, logo do informe favorable dos Servizos Técnicos Municipais, no que quede reflectido que non se causaron danos nin desperfectos nas vías e infraestruturas públicas municipais e de que as pistas, camiños ou espazos públicos utilizados se atopan en perfecto estado de conservación e limpeza unha vez rematados os traballos.

6. En caso de incumprimento das obrigas, o Concello procederá de conformidade co establecido nos apartados 2.º e 3.º do artigo 6 desta ordenanza.

Transcorrido o prazo outorgado no requirimento, se este foi atendido, o Concello devolverá a garantía, logo do informe favorable dos servizos técnicos municipais. De non darse cumprimento ao requirimento, o Concello acordará a execución subsidiaria, e procederá a realización dos traballos que sexan necesarios, a costa do/a obrigado/a, sobre o importe da garantía depositada.

7. Cando as cantidades depositadas en concepto de garantía resulten insuficientes para sufragar os traballos mencionados no parágrafo anterior, recadarase a diferenza en concepto de ingreso de dereito público.

Artigo 8.–Exencións da presentación de garantías.

1. Estarán exentos da prestación de garantías os aproveitamentos madeireiros/as e leñosos para uso doméstico, definidos no artigo 19) do Decreto 50/2014, do 10 de abril, que regula os aproveitamentos madeireiros e leñosos, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

- O aproveitamento será exclusivamente para uso doméstico non sendo susceptible de comercialización.
- O aproveitamento non poderá superar os 10 m³ anuais por persoa propietaria.
- A saca da madeira se realizará por medio de tractor e remolque cuxa carga máxima non supere os 3000 Kg.

Artigo 9.–Prohibicións.

O/a madeireiro/a encargado/a de realizar as operacións de saca da madeira deberá respectar as seguintes prohibicións:

- Iniciar os traballos de tala sen contar cos permisos e/ou autorizacións sectoriais correspondentes.
- Usar as vías públicas para almacén ou depósito da madeira. Os depósitos de rolla, ramas ou podalla, non poderán invadir as zonas de circulación de vehículos e persoas, nin menoscabar as infraestruturas anexas aos viais, nin supoñer un risco para as persoas usuarias da vía.
- Efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deban ser considerados como movementos de terra sen contar coa preceptiva autorización.

Artigo 10.–Infraccións.

1. Constitúen infraccións a esta ordenanza as accións ou omisións tipificadas como moi graves, graves e leves, de conformidade co disposto nos apartados 2.º, 3.º e 4.º deste artigo.

2. Son infraccións moi graves:

a) Realizar calquera das actividades relacionadas coa saca de madeira sen o previo depósito da garantía no importe que corresponda.

b) Non presentar a solicitude de autorización a que se refire o artigo 5.2 desta ordenanza, unha vez requirido polo Concello e dentro do prazo establecido no requirimento.

c) Non achegar a documentación sinalada no artigo 5.3 desta ordenanza, unha vez requirido polo Concello e dentro do prazo establecido no requirimento.

d) Non realizar os traballos necesarios para que as infraestruturas, pistas, camiños e/ou espazos públicos municipais utilizados se manteñan en perfecto estado de conservación e limpeza unha vez rematados os traballos, unha vez requirido polo Concello e dentro do prazo establecido no requirimento.

e) Ocultar ou falsear calquera dos datos a que se refire o artigo 5.2 desta ordenanza.

f) Ocultar ou falsear a documentación relacionada no artigo 5.3 desta ordenanza.

g) Realizar os traballos de saca de madeira usando infraestruturas, pistas, camiños e/ou espazos públicos municipais respecto dos cales se tivese denegado por parte do Concello a súa utilización.

h) Deixar as vías públicas municipais nun estado que supoña unha situación de risco para a seguridade vial, segundo o informe municipal que se emita.

i) A comisión, nun prazo dun ano, de dúas faltas graves que sexan firmes na vía administrativa.

3. Son infraccións graves:

a) Non presentar a solicitude de autorización (aínda que se achegue despois de ser requirido polo Concello).

b) Deixar as vías municipais en deficiente estado, segundo o informe municipal que se emita.

c) Non derrubar ou non repor ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se construíron ou abriron para entrar nos terreos.

d) A comisión, nun prazo dun ano, de dúas faltas leves, que sexan firmes na vía administrativa.

4. Constitúe infracción leve calquera outro incumprimento dos requisitos, obrigas e/ou prohibicións establecidas nesta ordenanza, e que non estea cualificada como moi grave ou grave.

5. Na valoración da gravidade das infraccións teranse en conta a existencia de intencionalidade, a natureza dos prexuízos causados, a reiteración dos feitos, a capacidade económica do infractor e a intensidade dos danos causados ás vías públicas e/ou aos usuarios/as destes/as.

Artigo 11.-Responsables.

1. Serán responsables das infraccións sinaladas no artigo anterior as persoas físicas e xurídicas que as cometan en calidade de madeireiros.

2. As persoas propietaria dos montes e/ou parcelas serán responsables das infraccións de que se trate no suposto de non identificar aos/ás madeireiros/as, unha vez sexan requiridos polo Concello, e transcorrido o prazo de dez días hábiles para contar dende o seguinte ao da recepción do requirimento.

Artigo 12.-Procedemento sancionador.

A imposición das sancións requirirá a tramitación do correspondente procedemento, de conformidade co disposto nas Leis 40/2015, do 1 de outubro de 2015, do réxime xurídico do sector público, e 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 13.-Sancións.

1. As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

– Infraccións leves: multa de ata 300 €.

– Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 300,01 e 1.000 €.

– Faltas moi graves: multa de contía comprendida entre 1.000,01 e 3.000 €.

2. Na gradación das sancións deberase gardar a axeitada adecuación entre a gravidade da infracción cometida e a sanción aplicada.

3. A imposición das sancións que procedan non eximirá aos responsables de realizar os traballos de limpeza que sexan necesarios, da reparación dos danos causados e de indemnizar polos prexuízos e perdas a que houbese lugar.

Artigo 14.-Órganos competentes.

1. Será órgano competente para iniciar o procedemento sancionador o/a alcalde/sa ou concelleiro/a en quen delegue.

2. A función instrutora exercerase pola autoridade ou funcionario/a que designe o órgano competente para a incoación do procedemento, sen que poida recaer en quen tivera competencia para resolver este.

3. Será órgano competente para resolver o procedemento sancionador o/a alcalde/sa, o no seu caso, a Xunta de Goberno Local.

Artigo 15.-Prescripción das infracción e sancións.

1. As infraccións moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous anos e as leves aos seis meses, computándose dende o día en que a infracción fora cometida.

2. As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as impostas por faltas graves aos dous anos e as impostas por faltas leves ao ano, computándose dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que fora imposta a sanción.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira

- Habilítase á Alcaldía para ditar as disposicións ou instrucións que resulten necesarias para a interpretación, desenvolvemento e aplicación da presente ordenanza.

Segunda

- En cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a presente ordenanza entrará en vigor unha vez que se publique o seu texto integramente no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 do citado texto legal.

O/A ALCALDE DO CONCELLO DE MELIDE

Melide, 14 de abril de 2021.

O alcalde

José Manuel Pérez Penas

2021/3041